


# FALADOIRO

ANO XV

NÚMERO XXVI



XOQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ

"XOCAS"

## SUMARIO:

- Festa "Voz Natura"
- Exposición Letras Galegas
- Xoaquín Lourenzo Fernández "Xocas"




Letras Galegas 2.004


- Luis Davila
- Concurso de debuxo e relato curto A.C. Danzadeira
- Concurso Correlingua

- Saídas culturais:

- Acuario de O Grove
- Naturnova
- Circuito de Educación Vial







- Unha tradición galega: os maios
- Educación medioambiental: o coidado da natureza
- Lerias e enredos
- Humor
- Páxina deportiva







## FESTA VOZ NATURA

O derradeiro sábado día 5 de xuño disfrutamos da festa que se organizou en Culleredo(A Coruña) para tódolos centros que participamos no programa "VOZ NATURA" E aquí endes algunhas fotos desa xornada.









# EXPOSICIÓN PLANTAS MEDICINAIS

Na Semana das Letras Galegas, o colexio fixo unha exposición de plantas medicinais con motivo de participar no proxecto "Voz Natura".

A exposición tratou das plantas medicinais, que se espuxeron secas no pasillo. Entre elas estaban: a camomila, o fiuncho, a menta, o loureiro, a dixital, etc.

Tamén había unhas mesas con plantas medicinais e útis para preparar infusións.

Ó lado, estaban as fichas das plantas onde se podía ler as súas utilidades, preparación e como se podían tomar. Pero o máis gracioso era a botica das plantas.

O 5 de xuño pasado, por participar neste proxecto, fomos de excursión a Culleredo (A Coruña). No centro deportivo de Acea de Ama, fixemos unha festa con todo tipo de xogos. Despois a TVG grabou alí o programa "Xabarín Club".

Á excursión puidemos ir tódolos nenos e nenas do colexio acompañados polos familiares que o desexaran.

Eloy Agulla Gago (5º)



## Xaquín Lourenzo

"Xocas"

En xuño do ano 2.003, a Real Academia Galega decidía nomear a don Xaquín Lourenzo Fernández coma a personaxe escollido para a conmemoración do día das Letras Galegas do presente ano 2.004.

Os seus compañeiros e amigos recoñecíano polo alcume de "Xocas".

"Xocas" naceu en Ourense no ano 1.907. Preparou os seus estudos na súa casa, sen asistir á escola, ingresando máis tarde no instituto de Ourense, onde tivo coma mestre a Otero Pedrayo. Estudiu en Santiago de Compostela, Dereito e Filosofía e Letras. Feitos importantes da súa vida foron o seu ingreso no Seminario de Estudos Galegos, a súa participación no Partido Galeguista, as feridas da guerra, a súa pertenza á Real Academia da Historia, etc.

Concedéronsele infinidade de medallas e distincións.

Morreu no ano 1.989

Xaquín Lourenzo foi un destacado etnógrafo, arqueólogo e historiador. A súa literatura foi máis ben oral, de carácter narrativo ou didáctico.



# LUIS DAVILA

O día 20-5-2004 visitounos na colexio Torre-Cela Luis Davila, que traballa para o periódico O Faro de Vigo e fixonos uns debuxos nun mural e no muro do patio do colexio. Nós, os alumnos/as, pintamos os seus debuxos e pasámoles moi ben.


~~KEVIN~~

Carmen) ~~Elena~~ → Adán  
Manuel)

## OS DEBUXOS QUE MAÍS NOS GUSTARON




DINOSAURIO  
Adán




MANUEL  
MANUEL



RATO  
Elena



CABALO DE MAR  
CARMEN




KEVIN

BECKER RA

T.E.P.

# DANZADEIRA

## XII certame de Relato e Debuxo



O día 17 de maio de 2004 celebrouse no salón de actos do Centro Sociocultural de Cela, a entrega de premios que este ano organizou, por primeira vez, o grupo "Retrouso".

Ó longo deste acto achegáronse á figura de Xaquín Lorenzo Fernández, "Xocas", persoeiro a quen se lle adicou este ano o Día das Letras Galegas.

A entrega de premios correu a cargo do concelleiro de Cultura, Miguel Roma, a presidenta da Asociación de Veciños de Cela, Moncha Couso, o presidente da Xunta de Montes, José Gago, e a presidenta da A.P.A. do C.E.I.P. da Torre-Cela, Rebeca Gago.

O tema dos traballos foi este ano: "O mundo dos Avós". E os rapaces premiados foron:

Debuxo	{ Cristian Novo Sampedro (3 anos) Ángel Paz Ferradás (4 anos) Iago Millán Entenza (5 anos) Manuel Durán Freire (1º curso) Hugo Pérez Cabaleiro (2º curso)
Relato curto	{ Raúl Vidal Juncal (3º curso) Cristian Rodríguez Rubial (4º curso) Sergio Portela Santos (5º curso) Tamara Acuña Pazó (6º curso)

Os asistentes puideron contemplar os traballos expostos e tódolos participantes foron obsequiados cun agasallo. Disfrutaron tamén co espectáculo ofrecido polo grupo de mimo e contacontos "Os Carballiños" de Mourente.

## OS MEUS AVÓS

A miña avoa, cando tiña os meus anos, ía coas ovelas ó monte, e ía ó mercado co cesto dos peixes andando, xa que non había coches.

No tempo da labranza tiña que ir bota-lo millo ás veigas.

Antes non había zapatos, había zocos. De catorce anos, ela ía ó mercado que había en Bueu descalza.


O meu avó, cando tiña once anos, ía á rapeta, e traía os peixes que pescaban nunca patela; e si ía ás fincas dos ricos a coller unhas laranxas, porque antes había moita fame, collíanos e levábamnos ó cuartelillo, e a guardia civil pegáballes, e non lle importaba que eran uns rapaces que só tiñan fame.

O meu avó, que é de Bueu, cando era mozo da miña avoa viña xunto ela descalzo, porque os avós de antes eran tan probes que casi non tiñan para comer.

Cristian Rodríguez Ruibal (4º Curso)



Iago Millán Entenza (5 anos)



Cristian Novo Sampedro (3 anos)

## COMO VIVÍA MIÑA AVOA

A miña avoa cando era nena non puido ir moito á escola porque tiña que axudarlle ós seus pais a traballar. Ía coa súa nai á leira a buscar herba para os bois. Algúns días tiña que levantarse moi cedo para ir a vender feixes de leña ou palla á praza, cos cartos que gañaban na venda compraban o peixe, o pan ou outras cosas para a casa.

Mentres a súa nai ía traballar á fábrica, ela e as súas irmás levaban as ovellas ó monte a pastar, e mentres apañaban o toxo. O día seguinte tiñan que ir buscar o toxo cos bois e o carro.

Tamén tiñan que facer cousas da casa, e ter a comida lista para cando chegasen os seus pais de traballar. Tiñan que acarrexar auga dende a fonte ata a casa. A fonte estaba bastante lonxe e os baldes levábanos na cabeza. Para lavar a roupa tiñan que ir ó río.

Pero non todo era traballar. Tamén tiñan tempo para xogar, divertirse e facer trasnadas. Miña avoa e as súas irmás xogaban á corda, á roda e ó escondite.

Cando había festas ían cos seus pais e bailaban coa música dos gaiteros. Si se podía, tamén se compraban rosquillas.

De cando en vez, tamén facían algunha falcatuada: un día a miña avoa e unha das súas irmás, cortáronlle o pelo á outra. Cando chegaron seus pais, castigaron ás tres. Outro día, comeron o chocolate que súa nai tiña gardado coma un tesouro.

Doutra vez, mandaron a miña avoa a buscar o pan de ración, pero entroulle a fame polo camiño e comeu un cachiño, e, cachiño a cachiño, chegou a casa coa metade do pan. Os seus pais enfadáronse con ela, pero o enfado non durou moito, porque anque eran pobres queríanse moito.

Raúl Vidal Juncal (3º Curso)



Hugo Pérez Cabaleiro (2º curso)

## O MUNDO DOS MEUS AVÓS

A vida cambia moi rapidamente. Miñas avoas din que este mundo é moi bonito en comparación do que viviran todos os avós e avoas na súa nenez. Os avós sufriron moito na súa vida. Algúns eran zurdos e tiveron que aprender a escribir coa dereita, atándolle unha man á cintura; e se escribían coa esquerda dábanlle coa regra na man. Din que doe moito.

Cando eran pequenos non lles compraban xoguetes, senón que os tiñan que facer eles mesmos. Ás veces facían pelotas, pero con trapos. Os pais non gañaban tanto diñeiro como agora, por eso din que o que tiña unha peseta era o máis rico de todo barrio.

A súa forma de vestir era moi diferente á nosa de hoxe en día; os nenos levaban pantalóns curtos, e as mulleres vestidos moi longos, zocos...

A vida na costa era moi difícil; saían da casa ás catro da mañá e regresaban ás oito da tarde. As mulleres tiñan que ir co cesto da roupa ós lavadoiros, e tamén ían buscar auga.

Ás veces, cando a familia tiña crisis só comían un bolo de millo para doce ou trece da familia. Os colchóns eran de la ou de follato. Os avós e avoas sempre compartían todo o que tiñan. O bo que tiñan era que se xuntaban todos os veciños e facían festas. A xente daqueles tempos sempre contaba historias, anécdotas, refráns, etc.

Meu avó tivo que ir ós nove anos a traballar ás montañas de Lalín para gañarse a vida del e dos seus irmáns.

Os máis ricos daquela podían xogar na estrada porque só pasaba un ou dous coches en todo o día.


As enfermidades non se curaban tan facilmente porque non había medicinas.

No nadal non recibían xoguetes, senón un pouco de comida para eles e os seus pais.

As casas tiñan moitos animais para subsistir e ter calor na casa.

En fin, a vida en aquel entóns era moi, pero que moi, difícil.

Sergio Portela Santos (5º Curso)



Ángel Paz Ferradás (4 anos)

## A MIÑA AVOA

A miña avoa cóntame que nos tempos antigos nada era igual que agora. Antes os nenos xogaban pola rúa ás chapas, petanca, pero agora case ninguén xoga pola rúa, a maioría dos nenos prefiren xogar ó ordenador, etc.

O caso da miña avoa é diferente. Ela tivo que irse con doce anos a traballar a Pontevedra nunha casa de ricos. A súa nai morreu cando ela tiña cinco anos e a súa madrastra pegáballe e non lle daba de comer.

A miña avoa sobreviviu á Guerra Española xunto con toda a súa familia. En casa á miña avoa gústalle facer de todo, pero o que máis e irá veiga, coidar animais, cociñar, etc.

Ela sempre me di que a súa vida foi moi dura, pero gracias a Deus todo cambiou, agora é diferente.

A miña avoa quedou sen marido ós corenta e dous anos e tivo que traballar moito para sacar adiante a seis fillos.

A ela gústalle a tele, e como cantantes, Manolo Escobar, Chayanne, tamén mira novelas de amor. Pola tarde sempre mira o programa da TV chamado “Cerca de ti”, porque di que lle gusta moito.

Ela cóntame que antes os nenos xogaban con bonecas de trapo e balóns de tea. Agora se lle regala iso a un neno, tírao e non o quere.

Tamén antes ter un libro era un tesouro (valía o soldo de todo un mes). Agora moi poucos nenos len e ademáis non coidan os libros.

Ela non sabe ler nin escribir, porque non foi á escola, pero eu axúdolle algunhas veces pola tarde e ela esfórzase por aprender.

Tampouco entendía os euros, pero agora coa práctica ninguén a engana. Ela ó ve-la tele recorda cando se inventou, que nadie o cría, igual que a radio, que para eles era algo maravilloso. Daquela só os ricos tiñan radios.

A miña avoa agora ten moito tempo libre e por iso vai de excursión os domingos e a min paréceme xenial. Cando volve pregúntolle que comeu, onde foron... e ela cóntame ilusionada.

Pero o mellor de todo é que agora divírtese e goza dunha boa saúde, non para quieta e ten setenta e un anos.

Tamara Acuña Pazó (6º Curso)



Manuel Durán Freire (1º curso)

# CORRELINGUA

O martes, 11 de maio, fomos os cursos de 4º, 5º e 6º ó Correlingua a Pontevedra.

Cando chegamos á praza da Ferrería xa había moitos colexios agardando a que comezasen.

Despois, o grupo “Migallas” foi nomeando ós 32 colexios que había e camiñamos pola zona monumental de Pontevedra.

Logo, volvimos á praza da Ferrería e déronnos de comer e de beber.

Por último, María Castro, a actriz de TVG, e o concelleiro de cultura do concello de Pontevedra agasallaron cun diploma e libros a tódolos colexios.

Ó rematar volvemos para a nosa escola.

¡FOI UN DÍA INESQUECIBLE!


Jorge Bernárdez Martínez 4º




¡ O GALEGO É A  
NOSA LINGUA!  
¡FÁLAA!

# ACUÁRIO: O GROVE


26-5-2004



TABEIRO'N TOURO  
MANUEL



PEIXE  
PALHAÇO



TARTARUGA



ELENA

VIEIRA



VIEIRA

Adan



RAIA



ESTRELA



VIEIRA



CHOCO



ESTRELA

N:KARMEN-



KEVIN  
POL BO



ANEMONAS



DA MISELA  
DAMA



1º E.P.

OMÉRCORES 26 DE MAIO  
VISITAMOS O ACUARIO DO GROVE  
E APRENDIMOS ESTAS COUSAS:


O TIBURON TOURO ERA MOI GRANDE  
E TIÑA DENTES AFIADOS




AS ESTRELAS DE MAR TIÑAN A PEL  
QUE RASCA BA E A DOCA ESTABA  
POR ABAIXO I ERAN DE COR  
LARANXA




O PEIXE ES COR PION TIÑA  
PINCHOS E ERA VENENOSO




AS PIRANHAS ERAM MUI PERIGOSAS




ATARTARUGA TIÑA UNHA CONCHA  
MUI GRANDE E TIÑA QUE  
SUBIR A SUPERFICIE PARA  
RESPIRAR




O PEIXE MANTA TINA  
REDONDELINHOS BRANCOS



O ESTURION  
BARBAS RASCA NO FONDO COAS




O PEIXE ESPINHA TINA  
ESPINHAS POR TODO O SEU CORPO




O PEIXE ES COR PION TIÑA  
PINCHOS E ERA VENENOSO




AS PIRANHAS ERAM MUI PERIGOSAS



A TARTARUGA TIÑA UNHA CONCHA  
MUI GRANDE E TIÑA QUE  
SUBIA A SUPERFICIE PARA  
RESPIRAR




A RAIÁ TEN UNHA COLA MOI  
LONGA E ESTREITA




A MORENA ERA MOI LONGA  
E SEMELLA UNHA SERRPE




ANUTRIA NADABA  
MOITO E ERA MOI LISTA




NEMO TÍMIDA RAIAS DE CORES



OS RODABALIOS ESCONDIANSE NO FONDO NA ÁREA




OS PEIXES ENFERMOS ESTABAN XUNTOS NO ACCA RIO ENFERMERIA



# Saída a Vigo

O mércores, 26 de maio, fomos de excursión a Vigo. Saímos ás dez menos cuarto do Colexio. Fomos o 2º e o 3º ciclo de Primaria.

Cando chegamos, fomos ó porto a ver o "Queen Mary 2". ¡É enorme!



Despois fomos a "Naturnova" (Centro Social de Caixa Nova). Ó entrar nos dixeron unhas normas e nos deron unhas tarxetas para ir a un simulador de submarino. Había tres salas. Na primeira había cousas sobre o Sistema Solar. A segunda, trataba do coidado do medio ambiente. E a terceira, da vida.

O que máis me **chamou** a atención foi un tren que se movía con enerxía solar, e un muíño que funcionaba con enerxía eólica.

Despois, fomos merendar a un parque. Chegamos ó Colexio sobre as dúas.  
¡Pasámolo moi ben!

Yolanda Entenza Rúa (5º curso)

## A excursión a "Naturnova"

O mércores, 26 de maio, fomos a Vigo de excursión nun autobús de dous pisos. Ó chegar alí miramos o barco máis grande do mundo: "Queen Mary 2".

Logo, fomos a Naturnova; alí colléronnos as mochilas e explicáronnos de que se trataba. Primeiro fomos a un simulador de submarino.

Na sala 1 miramos os planetas e as súas órbitas. Na sala 2 había moitos ordenadores, experimentos e xogos.

E finalmente pasamos á sala 3 onde había cámaras, xogos, ordenadores, cadros e un mapa.

Tania e Guillermo (6º curso)


# EDUCACION VIAL

Durante o mes de Marzo estivemos facendo un curso de Educación Vial para que souperamos mellor andar polas calles e no autobuses.

Fumos os nenos de 3<sup>o</sup> e de 4<sup>o</sup> e viñan a explicarnos os policías de Bueu. Poñían unha película de video e alí saían as cousas que estaban ben feitas e as que estaban mal. Regalaránnos un libro e moitísimas pegatinas. Despois nos fixeron un exame e nos deron un Diploma.

Despois de pasados uns días nos levaron a Pontevedra a un circuito que lici alí para facer practicas. Ibamos montados en bicicleta e outros de peóns cruzando as calles, A li tamén estaban os policías que nos explicaban todo. Pasámolo moi ben e aprendimos moitas cousas.

Nadís 3<sup>o</sup>



## Os maíes

Sei que nalguns lugares hai no mes  
de maio festa

que ven de  
moi antigo:

a festa dos maíes.

Un rapaz ou

rapaza adornado




con flores, ramos e follas de plantas, veu  
acompañando doutros nenos e entóan cantos

sobre este mes das flores. Detéñense polas

casas e danlle regalos.

# O cuidado da Natureza



Cortar árvores e tirar-lho liso é mal costume!

Se protescéme a natureza faremos algo importante é útil á sociedade!


Aida 2º

# HUMOR

Nun manicomio pregunta o director:  
-¿Cómo é que todos os tolos teñen un chichón na fronte?

-É que o chistoso de Pepe pintou no chan unha raia e di darlle mil euros ó que sexa capaz de pasar por debaixo.

Alex 3º




¡Camarero! ¿pode pasarme un pouco mais o polo? Está comendo a miña ensalada!

Mabel 3º

¡Doutor, doutor ¿Poderei toca-la guitarra despois da operación?


-Si, perfectamente. -¡Que ben! Porque antes non sabía.

Adolfo 3ª



Dous borrachos están nun bar e un dille ó outro: Non bebas mais que xa te vexo dúas bocas e dous ollos.

Adolfo 3º




Dous tolos entreteñense acendendo e apagando unha linterna. Un de eles dille ó outro: -¿A que non te atreves a trepar polo raio de luz? - Non porque cando eu esté arriba ti eres capaz de apaga-la linterna.

Mabel 3º

Pregunta un home nunha taquilla da estación do tren: -Por favor, ¿non hai outro billete mais barato que este?

-Si señor, pero teria que levar un bozal

Oscar 3º.



# LERIAS E ENREDOS

2. **BARULLO DE LETRAS:** Atopa as palabras que se corresponden cos seguintes significados.

O	P	R	A	I	A	M	L	I	I	A
A	C	A	N	T	I	S	U	I	S	U
M	A	U	B	O	L	I	H	I	T	R
I	B	S	A	O	I	N	O	L	M	I
U	O	I	D	E	S	D	I	L	O	O
P	E	N	I	N	S	U	L	A	I	D
M	E	S	A	H	U	O	L	E	S	E
E	S	T	R	E	I	T	O	I	N	A
E	D	R	F	E	A	S	T	E	C	P
T	U	G	O	L	F	O	E	S	S	I
A	R	Q	U	I	P	E	L	A	G	O

- Areal na beiramar: .....
- Terra que une a península co continente: .....
- Terra rodeada de auga por tódalas partes: .....
- Illa moi pequena: .....
- Terra rodeada de auga por tódalas partes agás por unha: .....
- Conxunto de illas: .....
- Entrada do mar na costa, enseada: .....
- Parte da costa que penetra no mar: .....
- Paso curto de mar entre dúas terras: .....
- Mar que entra na terra entre dous cabos: .....

A ¿Quen é? \_\_\_\_\_

D \_\_\_\_\_

I \_\_\_\_\_

V \_\_\_\_\_


I \_\_\_\_\_

N \_\_\_\_\_

A \_\_\_\_\_

Somos dous fermosos xemelgos  
do mesmo modo vestidos,  
morremos tódalas noites  
e polo día vivimos.

3. **AS FLORES:** Escribe as letras das flores ben ordenadas e tera-lo presente de indicativo do verbo muxir.



# CAMPIONATOS INTERNOS 2003-04

## FÚTBOL


### Clasificación final:

- 1º CALAVERAS
- 2º DRAGONES
- 3º TRASNOS
- 4º PITUFOS



Máximo goleador:

ADRIÁN ESTÉVEZ PASTORIZA




Felicitar a noso equipo de fútbol formado por Xosé (porteiro), Selene, Noemi, Tamara, Alvaro, Salvador e Adrián por revalida-lo título de campións no torneo triangular de Beluso.

## TENIS DE MESA

Participantes no torneo de tenis de mesa dos luns no recreo que chegaron a finalistas:

Jonatan Lobería Patiño  
Eloy Agulla Gago  
Diego Franco Iglesias  
Belén Estévez Rodríguez

Agustín Gallego  
Guillermo Rivas Peña  
Noemí Besada Portela  
Tamara Acuña Pazó



**Luis Davila**

**debuxando  
para nos**

